



LIBROS DE TEXTO

Comunicación da obriga de devolver os libros de texto mercados ao abeiro do programa de axudas de libros de texto da Xunta de Galicia do curso 2014/2015

Lembrámoslles que este curso escolar 2014-2015, algúns dos libros de texto do seu fillo/a foron adquiridos co vale concedido pola Xunta de Galicia.

De acordo coas bases da convocatoria, estes libros deben ser devoltos en perfecto estado ao finalizar o curso, para formar parte dun banco de libros de texto do centro.

Prazo e lugar de devolución:

O día da matrícula, antes de formalizala, deberán devolver os exemplares. Esta devolución farase no vestíbulo do centro en dúas convocatorias:

1. **En XUÑO (o día de matrícula asignado a cada curso)**, os libros correspondentes ás materias aprobadas nesta convocatoria.
2. **En SETEMBRO (o día do exame)** para os libros das materias suspensas en xuño.

A falta de devolución dos libros produce as seguintes consecuencias:

1. É causa de exclusión do fondo solidario de libros de texto.
2. É causa de exclusión das convocatorias de axudas para adquisición de libros de texto.
3. Ademais, revisada a información das devolucíons, a Xunta de Galicia iniciará un expediente de reintegro da axuda concedida para todos aqueles casos nos que non conste a devolución dos libros adquiridos co vale.

Pregamos que revisen o estado dos libros antes de devolvelos. Grazas.